

cepto de “lugares de memoria” elaborado por Pierre Nora.

Nun dos textos desta edición sinala o profesor Agustín Escolano que “as materialidades que os institutos gardaron son patrimonio, e tamén expresión de identidades formativas das persoas que neles se formaron” pagando logo a pena o seu recoñecemento para unha mellor comprensión do presente cidadá, polo que “recuperar tales materialidades é tanto como poñer o patrimonio ao servizo da educación cidadá e da formación reflexiva dos profesores”.

Cuestións como a educación patrimonial, a cultura material da ciencia nas aulas do século XIX, a creación das coleccións científicas, a historia das disciplinas (con específica atención á historia das disciplinas escolares en España, a cargo do profesor Antonio Viñao) e dos libros de texto como configuración de material didáctico, a historia da ciencia e do currículo, ou a identidade profesional do profesorado de educación secundaria, son abordadas atentamente por diversos colaboradores.

Son tratados igualmente diversos referentes particulares, mediante cuidadas aportacións: formación e instrumentos tecnolóxicos no Instituto San Isidro, o instrumental científico e o tecnolóxico, museos e coleccións científicas na universidade, “historias dos obxectos que contan historias (plantas, rochas e animais nos institutos madrileños)”, a abordaxe da materia de psicoloxía, o ensino literario, ou tamén a educación estética e musical, denantes de referirse a varios destacadísimos actores como foron Manuel M^a José de Galdo López de Neira, de pais galegos, e o autor do notable *Manual de Historia Natural*, o ponferradino Celso Arévalo, Sandalio de

Pereda, as profesoras do Instituto-Escuela, e a práctica dos cadernos e traballos escolares.

Desde a consciencia do traballo ata o presente realizado arredor do coñecemento e valoración do patrimonio histórico-educativo que se conserva e testemuña nos Institutos históricos de Galicia, a través da súa constitución en rede a través do MUPEGA é oportuno, pois, saúdar a presente e ben interesante edición.

Antón Costa Rico

VÁZQUEZ RAMIL, Raquel: *Mujeres y educación en la España contemporánea. La Institución Libre de Enseñanza y la Residencia de Señoritas de Madrid*, Madrid, Akal, 2012. ISBN: 978-84-460-2920-5; 495 pp.

Desde a súa creación como organismo oficial, a *Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas* (JAE, 1907-1936) encargouse tanto de promover e soste unha serie de institucións educativas, como de xestionar pensións e becas de estudo no estranxeiro, pero ademais, e non en menor medida, mantivo tamén unha disposición moi favorable cara á promoción da formación superior feminina, desenvolvendo o seu labor máis importante na *Residencia de Señoritas* ou Grupo Feminino da *Residencia de Estudiantes* (1915-1936).

A notoriedade e influencia que tivo o grupo masculino da *Residencia de Estudiantes* (1910-1936) na cultura española escureceu a relevancia da residencia feminina e o seu papel decisivo na promoción do acceso das mulleres á cultura e os estudos superiores ao longo do período que coñecemos como Idade de Prata.

A *Residencia de Señoritas*, dirixida por María de Maeztu desde a súa creación ata a súa desaparición, foi unha novidade pedagóxica que certificaba de xeito exemplar o ideario e a forma de obrar promovida pola *Institución Libre de Enseñanza* quen, desde o último terzo do século XIX -e baixo a influencia do krausismo- viña prestando unha atención especial á muller, tentando impulsar a súa educación e a súa incorporación á vida activa. Este, en definitiva, non era nin máis nin menos que o obxectivo daquela institución.

O inicio da Guerra Civil supuxo para todos os organismos dependentes da JAE unha brusca interrupción das súas actividades. O final da contenda trouxo consigo o desmantelamento de todas as institucións dependentes da Xunta -había que borrar todo rastro institucionista e con el un capítulo da historia de España-. Pero aínda que a *Residencia de Estudiantes* conseguiu subsistir durante o franquismo e xa coa chegada da democracia iniciase un proceso de achegamento e recuperación apoiado ademais pola aparición de investigacións, publicacións e documentación inédita, axudando a un maior coñecemento da historia do grupo masculino, non podemos dicir o mesmo da *Residencia de Señoritas*. Esta institución, modelo na súa época e que de seguro nin tivo nin terá parangón, desapareceu totalmente. Aínda que volveu abrir as súas portas a partir da década dos anos corenta do século pasado, co nome de *Colegio Mayor Santa Teresa de Cepeda*, nada a vinculaba xa coa súa antecesora.

O traslado do Colexio Maior á cidade universitaria madrileña a mediados dos anos setenta desvelou o arquivo da Residencia -gardado con moito tino e dedi-

cación por Eulalia Lapresta, secretaria da Residencia desde 1920 ata a posguerra e que na actualidade custodia a Fundación Ortega e Gasset, quen ademais ven ocupando algunhas das súas antigas dependencias desde finais dos oitenta do século pasado-. O material descuberto foi ordenado e catalogado baixo a dirección de Alicia Moreno e Rosa M. Capel entre os anos 1984 e 1987. Raquel Vázquez Ramil colaborou nesta primeira fase de aproximación a esta institución crave para o acceso da muller á educación superior durante o primeiro terzo do século XX. Froito desta colaboración xurdiu a súa tese doutoral, defendida en 1989 na Facultade de Xeografía e Historia da UDC, e que se publicou por primeira vez doce anos máis tarde, nunha editorial local, co título *La Institución Libre de Enseñanza y la educación de la mujer en España: La Residencia de Señoritas (1915-1936)*. Aínda que foi esta unha publicación precursora sobre a historia de xénero no ámbito da ILE e en especial na Residencia de Señoritas, tivo escasa difusión; pero grazas á xenerosidade da autora -fixo accesible o texto a través dunha páxina web da Universidade de Vigo- os círculos académicos interesados na temática puideron coñecer o resultado da súa investigación. Nos últimos anos Vázquez Ramil seguiu profundando na temática da súa tese doutoral, divulgando o resultado das súas investigacións en Congresos e publicacións periódicas.

O texto que agora se presenta, *Mujeres y educación en la España contemporánea. La Institución Libre de Enseñanza y la Residencia de Señoritas de Madrid*, é un paso máis nesta tarefa divulgadora. Aínda que nace da súa tese doutoral,

Vázquez Ramil veu actualizando e enriquecendo a investigación orixinal nestes últimos anos, engadindo datos, táboas, bibliografía e apéndice que xunto á claridade expositiva e á rigorosidade académica, proporcionánnos unha lectura áxil e amena sobre o primeiro centro oficial destinado a fomentar o ensino universitario feminino en España.

A obra, con prólogo do profesor Anxo Porto Ucha, quen comparte coa autora o seu interese pola historia das distintas iniciativas desenvolvidas pola ILE, estruturase en dúas partes: unha primeira, que abarcaría os capítulos 1 ao 3, onde a autora analiza a achega da ILE á educación da muller española -un aspecto a cuxa relevancia vén a contribuír esta obra-, tendo en conta a visión krausista sobre a muller, as iniciativas de educación feminina promovidas por Fernando de Castro, o papel de Francisco Giner dos Rios -alma da Institución- e a súa visión sobre a muller, a defensa da educación feminina que realizan os krausos-institucionistas nos Congresos Pedagóxicos de 1882 e 1892, a cristalización dos ideais pedagóxicos institucionistas a través da creación da JAE e, finalmente, unha análise tanto cuantitativa como cualitativa sobre acceso da muller española ao ensino superior que abarca o período de existencia da residencia feminina.

A segunda parte -compuesta polos capítulos 4 ao 7-, constitúen o cerne do traballo. Aquí Vázquez Ramil realiza un estudo detallado da *Residencia de Señoritas* apoiándose na base teórica dos capítulos anteriores. Comeza destacando a traxectoria vital e profesional da súa única directora, María de Maeztu e Whitney, para continuar coa descrición do ambiente e

circunstancias que concorreron na creación deste centro educativo-residencial -sen esquecer o papel que xogou o *International Institute for Girls in Spain*, institución americana que mantivo unha estreita relación co grupo feminino-, as actividades educativo-culturais que se levaron a cabo durante os seus vinte e un anos de existencia e, aínda que brevemente, o desmantelamento durante e logo da Guerra Civil non só da *Residencia de Señoritas* senón de toda obra institucionista.

Finaliza o traballo de Vázquez Ramil con tres amplos e interesantes Anexos que, en definitiva, poñen nome a quen viviron, estudaron ou traballaron naquel centro. O obxectivo explícito dos devanditos Anexos non é outro que o recoñecemento fronte ao anonimato no que durante tantos anos estiveron mergulladas o núcleo de mulleres que participaron nesta experiencia ou tiveron contacto con ela e que grazas a iso formaron parte das elites intelectuais e sociais femininas.

Nuns tempos nos que sabemos da redución da publicación tradicional de libros por parte das editoriais en beneficio doutros formatos, gustaríanos agradecer a decisión da editorial Akal ao apostar pola edición desta obra, cun deseño coitado e manexable, e convertela nunha obra imprescindible -xunto cos xa clásicos de Isabel Pérez-Villanueva Tovar (1990, 1ª ed.; 2011, 2ª ed. revisada e aumentada), e Carmen de Zulueta e Alicia Moreno (1993)- na que apoiarnos á hora coñecer e valorar mellor o que unha institución como a *Residencia de Señoritas* aportou á modernización da sociedade española.

Dolores Cotelo Guerra
Universidade da Coruña
(Dpto de Pedagogía e Didáctica)